

Ana Romaní fai un percorrido pola súa obra nos Encontros Cidade da Coruña

A cita será ás 20.00 horas no salón de actos da Real Academia Galega

XORNAL.COM 15/04/2011

Ana Romaní protagoniza unha nova sesión no IV Encontro Cidade da Coruña. Presentada pola profesora Mercedes Queixas, a escritora galega Ana Romaní fará un percorrido pola súa obra guiada baixo o título *Vagar nos lindes. Tirar da pel*. O acto terá lugar mañá ás 20.00 horas no salón de actos da Real Academia Galega, situada na rúa Tabernas

Baixoo lema *Ser escritor, ser escritora*, este ciclo de encontros organizado pola concellaría de Cultura e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega pretende que a cidadanía acceda ás reflexións sobre a condición do creador literario na voz do propio escritor/a, e de camiño servir para coñecer a propia obra de catro escritores e escritoras, que falarán desde a súa obra, cunha parte de conferencia e outra de lectura literaria.